



DESFRUTA
DO
ENTROIDO
E
PARTICIPA!



CONCURSO FOTOGRÁFICO DE ENTROIDO

Achégate á Acrópole de Monterrei co teu mellor disfrace,
fai a túa fotografía e envíanola a turismomonterrei@gmail.com
Concurso activo dende o 16/02 ó 25/02

Bases do concurso na páxina de Facebook de Turismo Monterrei

*Premio ADULTOS

Escapada Rural dunha noite no Retiro do Conde +Visita e cata privada
na Adega Boo Rivero da D.O. Monterrei +Visita Guiada á Acrópole de Monterrei
+Cesta de produtos da Comarca de Monterrei.

*Premio INFANTIL

Cesta de material escolar +Pases para a Visita Teatralizada Infantil á
Acrópole de Monterrei +Curso de Iniciación á Hípica no concello
de Monterrei.

-Máis Info. na Oficina de Turismo Monterrei e no teléfono 988361360

Colaboran



Organiza

Turismo
Monterrei

Concurso Fotográfico ENTROIDO 2020 na Acrópole de Monterrei

BASES

Objeto

A Oficina de Turismo de Monterrei convoca un **Concurso Fotográfico de Entroido** para premiar ás fotografías de **disfraces** no Entroido 2020 na contorna da **Acrópole de Monterrei**. Establecéndose dúas categorías: categoría disfrace adultos, disfrace infantil.

A participación no presente concurso supón:

- A aceptación íntegra de tódalas cláusulas contidas nestas bases.
- A autorización, por parte do autor da fotografía, así como de todos os que aparezan retratados nela (estén identificables ou non), para publicar a mencionada fotografía nas redes sociais de Turismo Monterrei e o seu envío, e posible publicación, nos medios de comunicación que Turismo Monterrei estime oportuno, podendo incluso citar os seus datos pessoais, así como o seu lugar de residencia.

Duración

Entrarán no concurso as **fotografías recibidas dende o 16 e ata o día 25 de febreiro de 2020** (inclusive). Tódalas fotografías recibidas despois desa data quedarán fora de concurso.

Mecánica del concurso

Establecense **dúas modalidades** para participar no concurso: fotografía **disfrace Adulto** e fotografía **disfrace Infantil**.

Na categoría disfrace Adulto poderán participar persoas maiores de 18 anos que envíen fotografías nas que aparezan disfrazados na contorna da Acrópole de Monterrei.

Na categoría disfrace Infantil poderán participar nenxs nenores de 18 anos. Neste caso, a persoa que envíe a fotografía será a responsable da reprodución da mesma e polo tanto deberá ser o pai/nai ou tutor legal do menor ou contar ca autorización deles para o uso da imaxe do mesmo.

Independientemente da categoría, só **se admitirán as 4 primeiras fotografías por cada concursante**.

- As fotografías terán que ser enviadas por esta vía:
 - Correo electrónico a turismomonterrei@gmail.com
- As fotografías deberán acompañarse dos seguintes datos para proceder á inscrición do participante no concurso:

1. **Categoría na que se inscribe.**
2. **Nome e apelidos e Dni.**
3. **Número de teléfono de contacto.**
4. **Título da fotografía.**

Estos datos deben ser válidos e poderanse contrastar co DNI que se solicitará no caso de resultar premiado.

- Non se aceptarán propostas recibidas a través de ningún outro medio que non sexa o especificado e aquelas que non estén completas con tódolos datos solicitados.
- O concurso celebrarase cunha participación mínima de 10 participantes na categoría disfrace Adulto e 7 participantes na categoría disfrace Infantil.

Requisitos a cumprir polos participantes e polas fotografías enviadas

Quedarán fora de concurso os que no cumpran os requisitos establecidos nas presentes bases.

- Requisitos a cumprir polas fotografías.
 - As fotografías deberán ter como localización o contorno da Acrópole de Monterrei, sen o emprego de programas de edición das mesmas.

- As fotografías deben ser orixinais (**recoñecéndose o participante autor da mesma**), o seu tamaño máximo non debe superar, en ningún caso, os 3MB de peso e deberá ter unha calidade mínima de entre 200 p.p.p. y 300 p.p.p.

- Quedarán fora de concurso todas aquelas fotografías que puidieran atentar contra o bo gusto, as que intenten facer publicidade (explícita e/ou encuberta), ou non cumplan os requisitos establecidos nas presentes bases.

- Límites e Autorizacións:

- Cada participante poderá **enviar 4 fotografías como máximo.**

- Os premios serán entregados ós gañadores previa presentación do DNI. Turismo Monterrei notificará ós gañadores o modo de recoller o seu premio, mediante correo electrónico, (remitido á dirección facilitada polos participantes) ou chamada telefónica.

- Na categoría disfrace Infantil, será necesario o consentimento dos seus pais ou tutores tanto para a participación no concurso como para a aceptación do premio.

Descrición dos premios

As fotografías gañadoras elixíranse do seguinte modo:

- **Xurado:** un xurado que estará integrado polos traballadores de de Turismo Monterrei. e profesionais da fotografía designados pola organización. Escolleranse as fotografías gañadoras, en cada unha das categorías, en relación á orixinalidade e/ou estética, encaixe e/ou enfoque co contorno. O veredicto será inapelable.

Os concursantes optan a 2 **tipos de premios:**

- **Premio Categoría fotografía disfrace Adultos:** De entre tódalas fotografías recibidas o xurado do concurso escollerá unha fotografía gañadora na categoría disfrace Adulto que recibirá os seguintes premios:
 - **Escapada Rural dunha noite** para 2 persoas en réxime de Aloxamento e Almorzo **no Retiro do Conde.** (Baixo dispoñibilidade, poñéndose de acordo co establecemento).
 - **Visita e cata privada na Adega Boo Rivero da D.O. Monterrei.** (Baixo dispoñibilidade).
 - **Visita Guiada á Acrópole de Monterrei.**
 - **Cesta de produtos da Comarca de Monterrei.**
- **Premio Categoría fotografía disfrace Infantil:** De entre tódalas fotografías recibidas o xurado do concurso escollerá unha fotografía gañadora na categoría disfrace Infantil que recibirá o seguintes premios:
 - **Cesta de material escolar.**
 - **Pases para a Visita Teatralizada Infantil á Acrópole de Monterrei.** (Adaptándose ás datas de celebración).
 - **Curso de Iniciación á Hípica no concello de Monterrei.** (Adaptándose ás datas de celebración).

As fotografías gañadoras (unha en categoría disfrace Adulto e outra na categoría disfrace Infantil) serán publicadas o domingo 1 de marzo nas redes sociais de Turismo Monterrei.

Cesión de dereitos e aceptación das bases

Tanto a participación no concurso como a posterior aceptación do premio presupón a cesión gratuita a favor da organización do dereito de reprodución das fotografías, por parte do autor, sen límite de data nin tipo de publicación; dereito do que fará uso a organización do concurso.